

DEPORTE ESCOLAR

Como cada ano alumnos e profesores dos distintos colexios da comarca achegámonos á área natural de “Tintores” para competir nunha carreira campo a través. Participamos por categorías: Benxamín, Alevín e Infantil.



Este ano os nenos achegábanse a competición cheos de ilusión, sobre todo os de 2º e 3º de Primaria, para os que esta era a súa primeira vez.

O sorriso sempre estivo presente porque todos sabemos que o importante non é gañar senón participar. Pero,... ¿sabedes?. Houbo participación e tamén PREMIOS



O 27 de Xaneiro foi o día da competición. Lucía o sol pero ía moito frío. Con esta actividade foméntase a relación dos cativos a vez que lle adican un tempo extra ao deporte, nun marco natural, que non lle é o habitual.



. Janira Toro, alumna de 6º de Primaria, conseguiu unha medalla ao chegar de segunda na categoría Infantil feminina. E tamén nos deron unha copa por chegaren xuntos varios nenos da mesma categoría: David, Iván,... Ao rematar voltamos ao cole para xantar e repoñer forzas.